

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2022/G005/000021.**

**Excm. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores, día 4 de maio de 2022, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS DO 2, 9, 16, 23 E 30 DE MARZO, E A EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 30 DE MARZO DE 2022, COA RECTIFICACIÓN DO ERRO MATERIAL PRODUCIDO NELA.

**ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN TERRITORIAL**

**LICENZAS URBANÍSTICAS**

2. TOMAR RAZÓN DA SENTENZA FIRME NÚMERO 93/2021, DO 9 DE ABRIL DE 2021, DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚMERO 1 DE LUGO, PROCEDEMENTO ORDINARIO 438/2019, CONTRA A RESOLUCIÓN ADOPTADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 6 DE MARZO DE 2019, POLA QUE SE OUTORGA LICENZA URBANÍSTICA, REFERENCIA 155/2019 (Exp. 321/2017).

3. LICENZA URBANÍSTICA PARA DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE, E CONSTRUCCIÓN DE NOVA EDIFICACIÓN PARA 11 VIVENDAS EN PLANTAS ALTAS (1<sup>a</sup>,2<sup>a</sup>,3<sup>a</sup>,4<sup>a</sup>); LOCAL SEN ACTIVIDADE DEFINIDA EN PLANTA BAIXA, E GARAXE APARCADOIRO PRIVADO EN PLANTAS SOTOS (PLANTAS -1 E -2), NA AVDA. ADOLFO SUÁREZ, NÚMERO 42 (Exp. 45/19) .

4. TOMA DE RAZÓN DA SENTENZA FIRME NÚMERO 53/2020 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚMERO 1 DE LUGO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 127/2018, INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADO NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 11 DE OUTUBRO DE 2017 (Exp. 58/2013).

5. LICENZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN DE TRES SILOS FORRAXEIROIS EN EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN EXISTENTE EN SANTIAGO DE SAA (Exp. 2019/Y001/000055).

## **ACTAS E GOBERNO**

JDR/cvr

Refª: ispac8833655854239514547.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4-5-2022

### **DISCIPLINA URBANÍSTICA**

6. APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS DA 16ª FASE DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DO CENTRO HISTÓRICO DE LUGO.

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

#### **CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**

7. CORRECCIÓN DE ERROS NA APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE LUGO NA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE TITULARIDADE PÚBLICA; PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

8. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COCIÑA, COMEDOR E LAVANDERÍA PARA A ESCOLA INFANTIL "SERRA DE OUTES" DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICÍONS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2022-C003-000001).

#### **PERSOAL**

9. PROPOSTA DE BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DUN/HA TÉCNICO/A MUNICIPAL DE PROXECTOS E FINANCIAMENTO EUROPEO (GRUPO A1).

10. INFORME PROPOSTA DE COBERTURA TEMPORAL EN ADSCRICIÓN PROVISIONAL DO POSTO DE XEFE/A DE SECCIÓN FISCALIZACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

11. INFORME PROPOSTA DE APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO, LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

12. MODIFICACIÓN PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA TÉCNICO SUPERIOR ELECTRICISTA PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018).

#### **FACENDA LOCAL**

13 REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. RENUNCIA LICENZA. ANULACIÓN PARCIAL DA LIQUIDACIÓN EMITIDA POLO CONCEPTO DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

### **MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS**

### **ROGOS E PREGUNTAS**

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,**